



Bo verán de ocio e boas lecturas
desexa a tod@s:

BIBLIOIRIS

Estamos en:


www.biblioiris.blogspot.com

e
en:

www.caminosdeiris.blogspot.com

dispostos a recibir os vosos comentarios
e a publicalos, só tendes que entrar e
deixar un

comentario



BIBLIOIRIS


recomenda

LER NO VERÁN

para non esquecer..

para gozar.....

para aprender!



NEIRA VILAS, Xosé. *Espantallo amigo*.


Ed. Galaxia

Esta é a historia dun espantallo que en vez de espantar os merlos, faise amigo dos animais e dos rapaces. O tío Ramón de Rebordena fíxoo cuns vimbios e unhas froitas e o espantallo cobrou vida por iso se relacionaba con se achegaba a el.



MAÑAS ROMERO, Pedro. *CIUDAD LABERINTO*. Ed. Faktoria K


Con este libro viaxarás a unha cidade parecida á túa e descubrirás como os versos poden estar agachados nas súas rúas, nas prazas, nos sumidoiros, etc. escoitarás os sons e verás cores, como cambia e que xente vive nela, e moitas cousas máis.



FERNÁNDEZ PAZ, Agustín. *A dama da luz*.

Ed. Xerais

O avó de Marta garda un segredo na súa memoria, un enigma que fala de seres estraños que habitaban na cidade cando era moi distinta, seres como a **Dama da Luz** ou o **Home das Sombras**. Un día, algo especial sucede. E entón Marta coñecerá por fin unha historia que a levará a descubrir todas as marabillas que a vida nos ofrece.




JASSON, Anne. *Hablaré cuando esté muerto*. Ed. Grijalbo

Frida vive na illa de Gotland, acaba de quedar viúva e comeza a descubrir os segredo do seus marido, atopa no xardín enterrado un neno, e tamén os mapas dun importante xacemento arqueolóxico. Marie Wern, a policía, vai descubrir que todos os veciños de Frida teñen un móbil para matar pero tamén un motivo para morrer ... Menudo lío!




LÓPEZ SILVA, Imma. *Memoria de ciudades sen luz*. Ed. Galaxia

Unha novela case coral na que as vidas dos protagonistas téncense arredor de guerras e exilios, de viaxes por cidades que queren vivir de costas á realidade, desde A Coruña a Nova York pasando por París e Bos Aires. Comeza co asasinato da familia do protagonista e como se a morte o perseguira van pasando outras



PÉREZ REVERTE, A. *El asedio*. Ed. Alfaguara
Cádiz, 1812.


Unha cidade fascinante, culta e aberta arrasada pola guerra e a historia dunha serie de personaxes xogando perigosamente arredor dun enigma científico, un desafío que enche a novela de aventuras e peripecias. Unha maneira entretida de contar historias da Historia.



É curioso, pero en Galicia non se falou sempre galego. Non, castelán tampouco, nin inglés. Na altura na que en Galicia non se falaba aínda galego, en Madrid nin sabían que era iso do castelán. Madrid, ademais, aínda non existía. En Londres, que tampouco existía, tamén non sabían nada do inglés

Do que se falaba en Galicia antes da chegada dos romanos pouco sabemos.

Desta Historia hai dúas versións, unha para ne@s e moz@s e outra para maiores. Vale a pena ler esta historia da nosa lingua en versión irónica. Libro de lectura obrigada para todos os cidadáns de Galicia. Humor e historia.



KELLY, JACQUELINE. *LA EVOLUCIÓN DE CALPURNIA TATE.*


Ed. Roca

Calpurnia é a única nena entre sete irmáns. Vive nun pobo machista e conservador da Texas do s. XIX e é moi curiosa, quere entendelo todo. O seu avó, un tipo con mala uva, naturalista afeccionado vaise converter no seu mestre e xuntos van indagar nas cousas do mundo e da vida.



JAUREGUIZAR, S. *Casa Skylab.* Ed. Xerais

Tintimán é un insolente reporteiro de 17 anos apaixonado da investigación que asiste a un roubo espectacular que pode levar a un conflito internacional. Coa axuda do señor Grozni e de Mónica, que di que é a súa noiva, ten que atopar a coroa de Napoleón que roubaron na Coruña para evitar o lío diplomático.




RIVAS, Manuel. *Bala perdida.* Ed. Alfabeta.

Bala Perdida é un pirata con **conciencia** que quere devolver o ouro que os nazis lle roubaron aos xudeos que está na súa man e chama a Rosa, unha xornalista sen pelos na lingua, do Celtic New- de Atlán, Costa da Morte- para que o axude. Xuntos van correr moitas aventuras e a colaboración chegará a ... algo máis? Pensa !



CONSTELA, Xesús. *SHAKESPEARE DESTILADO*. Ed. Galaxia.

Un home bébedo, conta a historia dun amigo, Willy, que pasa a vida pechado na casa tomando yin tonics que constrúe a maqueta dunha cidade, unha cidade completa, con casas, tendas ... Esa cidade póblase, cobra vida e faise tan real que Susan existe e ten unha "relación" moi especial co enxeñeiro de maquetas Willy e co seu amigo. Canto hai de verdade no relato?




KLEIN, Sergio. *PODEROSA: DIARIO DE UNA CHICA QUE TENIA EL MUNDO EN SU MANO*. Ed. Anaya

Unha moza de 14 anos ten o don de poder de cambiar o que ocorre ao seu redor. Ao decatarse dese poder comeza a escribir cousas para que se fagan realidade: salvar a relación dos seus pais, que a súa mellor amiga non vexa que seu pai sae con outra muller, transformar á súa avoa nunha moza con tatuaxes e piercings. Interesante poder, non?




HERNAN, Pau J. *A tripulación do pánico*. Ed. Rodeira en galego

É estudante de bacharelato, chámase Edgar Nau e descende de Jean-François Nau, terrible pirata do s. XVIII. Só sabendo isto poderedes entender as tremendas e desconcertantes aventuras que vive no Atlántico o protagonista deste libro.



GRAY, Claudia. *Medianoche*. Ed. Debolsillo

Vai de vampiras e ...! Bianca é nova en Medianoche e non lle gusta o internado ao que asiste así que pon pés en polvorosa pero no camiño atopa a Lucas que é guapísimo e todo iso e volve porque a convence, pero xa en Medianoche Lucas comeza a portarse dun xeito estraño, como se tivera un segredo... Que lle pasará?



GALLEGO ABAD, E. *Dragal. A herdanza do dragón*. Ed. Xerais

Acaroadado na igrexa de San Pedro, o gran dragón de pedra agarda a que chegue o tempo no que Dragal recobre vida. Hadrián non sabe que el é o elixido para que se cumpra a profecía.

Mais, quen podería imaxinar que no vello templo medieval se agochan as claves para atopar a senda do último dragón galego?



DELIBES, Miguel. *El tesoro*. Ed. Destino

Un labrego atopa unha olla cun tesouro de xoias celtibéricas. Chegan os arqueólogos entusiasmados pensando no que pode aparecer aínda, pero os aldeáns venenos como ladróns e as tensións fan que as autoridades pechen a escavación. Pobre arqueoloxía entre tanto inculto!